



Tertulias Literarias

PROGRAMACIÓN (xaneiro - marzo 2011)


El baile, de Irène Némirovsky

A partires da vida dos Kamp, unha familia de orixe xudea no París dos anos 20 a autora fai unha crítica mordaz e demoledora sobre as falsas apariencias nas que goza instalarse ese sector da sociedade hoxe coñecido como 'novos ricos'.



Los años indecisos, de Gonzalo Torrente Ballester

Cara 1930, cando o país está a piques de virar republicano, un xove busca con inqueda en qué empregar a súa vida. Soña con ser escritor, pero rematará en xornalista mal pagado; estuda Dereito... e non remata a carreira. Sempre de indecisión en indecisión.




Sobre la belleza, de Zadie Smith

O británico Howard Belsey, profesor universitario en Estados Unidos, está pasando, aos seus cincuenta e sete anos, por un dos seus momentos vitais máis baixos: o seu futuro académico parece definitivamente estancado e, na súa casa as cousas van de mal en peor. Tras trinta anos de convivencia coa súa muller, un descoído ameaza con afundir o seu matrimonio.



O club da calceta, de María Reimóndez

Un grupo de seis mulleres moi diferentes se unen de xeito, en principio, casual nun ámbito tan tradicionalmente feminino como é un club de calcetar. Pero esas agullas non só texerán prendas de la, tamén unirán os seus destinos grazas á solidaridade, ao entendemento, á palabra compartida.



En tiempos de prodigios, de Marta Rivera de la Cruz

Cecilia é a única persoa que visita a Silvio, o avó da súa mellor amiga. Silvio Rendón é un octoxenario que garda celosamente o misterio dunha vida de lenda que nunca quixo compartir con ninguén.

